

Resolución do 3 de xaneiro de 2024, da Valedora do Pobo, pola que se aproba a concesión das bolsas destinadas a persoas con discapacidade psíquica para a formación práctica na Valedora do Pobo (DOG nº 202, do 24 de outubro de 2023).

Vista a proposta formulada polo Presidente da Comisión nomeada para a concesión das bolsas destinadas a persoas con discapacidade psíquica para a formación práctica na institución da Valedora do Pobo, convocadas por Resolución do 16 de outubro de 2023 (DOG nº 202, do 24 de outubro de 2023),

RESOLVO:

Primeiro.- Conceder as dúas bolsas destinadas a persoas con discapacidade psíquica para a formación práctica na Valedora do Pobo ás persoas aspirantes que se relacionan no Anexo I, por ter obtido a maior puntuación de conformidade cos criterios de valoración fixados na base novena da Resolución do 16 de outubro de 2023.

De conformidade coa base décimo segunda da convocatoria, as persoas seleccionadas deberán incorporarse para o desenvolvemento dos labores de formación práctica dentro dos cinco días hábiles seguintes ao da publicación da resolución de concesión no Diario Oficial de Galicia (DOG).

Se transcorrido o dito prazo, a incorporación das persoas seleccionadas non se producise, a bolsa poderase entender rexeitada, salvo causa xustificativa.

Segundo.- Facer pública a Resolución definitiva de concesión das bolsas e a relación complementaria de suplentes (Anexo II), de conformidade coa base décimo primeira da convocatoria.

Terceiro.- Excluir do procedemento de concesión das bolsas aos aspirantes que figuran no Anexo III, ao non achegar dentro de prazo de (5) cinco días hábiles concedido, a documentación esixida na base segunda da convocatoria, acreditativa dos requisitos que deben reunir os aspirantes para poder ser beneficiarios das bolsas en cuestión.

Cuarto.- A presente Resolución entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia e na páxina web da Valedora do Pobo.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo de conformidade co establecido nos artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-

administrativa. Potestativamente, e con carácter previo, poderase interpoñer recurso de reposición, ante este mesmo órgano, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2024.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo

ANEXO I

ASPIRANTES	PUNTUACIÓN TOTAL
***2548**	18,00
***2968**	17,00

ANEXO II

ASPIRANTES	PUNTUACIÓN TOTAL
***9148**	16,00
***2221**	15,75
***0580**	14,00
***5831**	13,50
***4276**	11,00
***7785**	7,75

ANEXO III

ASPIRANTE	
***7288**	EXCLUÍDO
***8602**	EXCLUÍDO
***9795**	EXCLUÍDO
***1070**	EXCLUÍDO